

LOCKE – TEXTO 1

TEMA: “Xustificación do Estado liberal fronte o Estado absoluto”

1) Definición do concepto de estado (I.1 a 14)

Estado é calquera número de persoas que voluntariamente cede o seu poder executivo (o dereito de actuar libremente só coartado pola Lei Natural)(I.1 a 6)

Explicación de L.N e que implica (dereito á vida, á liberdade e á PP)

Cando transferimos este noso dereito a un corpo político, **só entón aparece o Estado**

Cada individuo renuncia ao seu dereito de exercer o poder lexislativo (de actuar segundo as súas propias regras – sempre que non ofenda á LN) + o poder executivo (dereito a obrigar aos demais a cumprir as normas e a castigalos senón o fan)

No momento que sucede esta renuncia: saímos do Estado de Natureza e constituímos unha Sociedade Civil que ten un ESTADO (I.5 a 10)

Este Estado non é tal senón establece un Xuíz punidor (castiga a aqueles membros que non acatan o poder lexislativo establecido entre todos) (I 10 a 14)

2) Crítica ao Estado Absoluto (I.15 a 24)

Locke precisa defender o E.Liberal contra o E.Absoluto para abrir paso ao Capitalismo (I 15 a 18)

E.A: Hobbes: antigo réxime, sociedade de estamentos, monarquía absoluta, economía feudal

E.L: Locke: nova estrutura social, sociedade de clases, monarquía parlamentaria, economía capitalista

3) Por que é necesario o Estado en Locke?

- Non para garantir a vida (explicar porque)
- Para mellorar a seguridade, garantir a xustiza de penas e de intensidade do castigo, para asegurar a PP (l. 20 a 21)

Isto non sucede no EA (l23 a 24) Por que?

- . porque non existe unha persoa neutral a quen apelar
- . porque só existe o “príncipe” (ditador, rei absoluto ...) que decide sobre calquera cousa segundo a súa lei (explicar que non hai separación de poderes) (l 23)

POR TANTO, para Locke, o EA de Hobbes non debe considerarse Estado, non saíu do Estado de Natureza, porque non ten transferencia de poderes e segue a gobernar a “lei do máis forte”

DE QUE FALAR:

- EA vs EL
- Necesidade do EL para os intereses burgueses

REPERCUSIÓNS:

- Políticas: Montesquieu e a separación de poderes
- Repercusión das ideas de Locke no parlamentarismo inglés